

## Relatos

VEIGACASÁS

### A CHEGADA DO PRESTIGE

Naqueles días do Prestige tremiamos coma nenos; a dor e o desespero quebraban os nosos corazóns; a rabia e a coraxe facían que nos estremecésemos coma follas no medio do vendaval. Coas mentiras dos nosos gobernos en vez do seu apoio, homes e mulleres de todos os países que caben en España, cóbado a cóbado con voluntarios doutros estados, puxémonos mans á obra para pelexar contra o desastre, enchemos rúas e prazas para manifestar a verdade e desenmascarar o engano que publicitaba aos catro ventos o Estado. Galicia foi entón, unha vez máis, Gary Cooper só ante o perigo; e os políticos a resguardo, coidando o seu negocio...

### BÁGOAS NEGRAS (I)

**Quixera falar hoxe** como ensina un mestre.

Maldita é a Patria que non ama o seu ceo, terra e mar nin a vida que os habita; maldito o País que non se respecta a si mesmo nin se fai respectar; malditos os gobernantes que alimentan o seu Pobo con horizontes de morte e miseria.

*La población de Galicia aumentó aproximadamente un 78 por 100 entre (los años) 1528 y 1591. La combinación de población y pobreza en una región montañosa determinó la función clásica de Galicia de exportar habitantes.*

John Lynch, *El reinado de Carlos V*

**Do norte chegou**, miña nai, o barco da morte; ao Sur lévame, miña nai, o barco da guerra. Prestige, estraño nome, chamábase aquel, e afundiuse para asfuxiar a miña terra; Príncipe de Asturias, mal bautizo, chaman a este que perde grandeza en cada milla. ¿Debín facerche caso, miña nai?, ¿coller a maleta e emigrar?

Víñaseme o meu pai á cabeza, sen abrazo ningún en case todos os anos da súa vida, lonxe de sitio irmán; non nos ver medrar, volver derrotado, raídas as meixelas por tanta bágoa negra, “e ti a calar, rapaz, que os homes non choran”.

¿Quererán acabar connosco, miña nai, coa nosa forma de vivir?, ¿sería por iso o do fuel, deixarlle desangrar a súa agonía, que estaba todo controlado, que era o mellor? Pois chorei, miña nai; chorei no bar, cos meus amigos, e eles tamén, por unha mocíña dalgún sitio de España; os pais non querían deixala vir, pero xa estaba na estación, alí era a entrevista da tele: “Como non vou axudar a limpar as praias onde xoguei dende bebé, onde crecín entre xogos cada verán, onde me namorei sendo adolescente; partíriame o corazón; ¡como non vou ir!”

E todos nós na costa, asustados coma coellos por aquilo que parecía a fin do mundo; e, o Goberno, “No pasa nada”.

E isto de agora, case todos son galegos, “De manobras”, mándannos dicir, pero púnzannos no oído con outra canción.

Se fose pola paz, miña nai, se pola liberdade fose, por defender a terra, pola esperanza, como dicía Blas Infante no himno da súa terra... Non sei que farei, miña naiciña; tanta bágoa negra corroe as entrañas.

(Fundamentado en: Anxo Rodríguez López, *As fortalezas da mitra compostelá e os irmandiños*)

**Mentres as cidades de Italia** elevábanse sobre si mesmas gozando o seu Quattrocento, para sempre universal, os galegos rompíamos as cerraduras da fame, a humillación das nosas mulleres e das nosas vidas, fartos de ser arruinados por salteadores de camiños, os mesmos que eran acollidos nas fortalezas dos gobernantes laicos ou relixiosos. Nin pedra sobre pedra deixamos de castelos; nin bispos ou cabaleiros, fuxidos todos a terra estraña. Esa vez, fomos un Pobo libre, san, un Pobo señor do seu País, sen matar a ninguén nos asaltos.

Refeita a nobreza, unida e desbaldindo soldadas, pedra sobre pedra tivemos que refacer o derrocado, a cargo e costa das nosas facendas e vidas; bois, ferramentas, traballo de sol a sol, familia, terras e alimentos, postos ao servizo do noso xugo señor; xamais un Pobo tragou tanta humillación.

Nada somos, tanto ten o que un escolla ou faga, implacable é o noso porvir. Pobo doce e tolerante, amante da liberdade, non somos fera engaiolada, senón o engado que a alimenta.

*Negro horizonte, gaviota reidora, para tu nombre.*  
X. L. Ferreiro, *Haycus*

**Durante meses**, polo do Prestige, dubidaches do Goberno, da Xunta de Galicia, de ministros e conselleiros; dos que tiñan responsabilidade ou poder para evitar danos, minorar a súa magnitude ou reparar o mal producido; do voceiro oficial e dos medios de comunicación ao seu alcance. Crices que ocultaban a realidade por incapacidade para afrontala, que calaban para non perder o seu posto en vez de solidarizarse cos seus concidadáns, que erraban por acción ou omisión e impedían atallar tan grave problema. Choraches de pena e de rabia polo que pasaba, avergonzácheste de ser do Partido Popular. Os cabalos tolos do poder volveran patearnos cos seus cascos, impunemente.

Reuniute o teu partido; acusoute de canto cruzou o teu pensamento. “¿Que sabes ti de medios e obxectivos de Goberno? Nada, maldita sexa a túa soberbia!”

Déronche palmadiñas e sorrisos, enviáronte a loitar contra os que mostramos o Nunca Máis nunha tea e os que pedimos responsabilidades. Esqueciches o seu descrédito, a ruína que asolou a túa terra, que os feitos falaban por si mesmos. Qué vergoña e desolación. E agora alentades a invasión violenta dun país, rompedes o fráxil equilibrio da paz e panfletádesnos cun Plan Galicia a vinte anos. ¿Esperades, acaso, gañar outras eleccións? Debedes crer que somos Braian crucificado, cantando o lado bo da vida.

*A intervención de Madrid en Galicia provocou o desastre.  
Os galegos sabían, mellor que os ministros, o que había de facerse na súa terra.  
Manuel D. Benavides, La Escuadra mándana os cabos, 1944, durante o seu exilio político en México*

**Es cuadrilleiro**, ou voluntaria, limpa praias ambos os dous; estilistas, perruqueiros de moda peiteando algas podrecidas, maquillando beleza na area; debaixo da pel loura, tan linda, tan fresca, afonda a morte. Parádesvos no bordo de baixamar, cravades a pa, o mango do anciño, xirades, mirades: trinta metros cadrados de area limpa, unha rapadura punky entre greñas aceitosas. Volvedes cara a arriba, estades decididos, limpades; quédanvos menos de tres hectáreas, se o consente a marea.

Es mariñeiro, mariscadora; hai moco graxento cegándoo todo, ondas de sebo negro salpicando ao ceo; a túa familia pasará fame, este inverno polo menos. Sobes á barca ou remangas as túas faldras, anégache a ría, arrancas a man esa espesura fedorenta que erma a rocha, que asfixia o viveiro; manténche a coraxe, menos bravía pero máis valente que a do mar: ela acazápase para devolverche o golpe na próxima marea; queda menos; nada te detén.

Es xornalista, columnista; a realidade inúndate, o refluxo de opinión atrápate, engúrraseche a fronte, renxe de arritmia o teu corazón; as páxinas que escribes alfombran baldosas fregadas, prenden lumes nas lareiras. Séntaste ante o ordenador; non queres, pero mañá sae o xornal. Pos a tele para ver a xente librando a súa batalla, pero non, é o voceiro oficial; ole a camuflaxe a súa palabra; sabe a propaganda. Tragas rabia, sorbes desesperanza; as bágoas salpican as túas mans e o teclado, afaste á plantilla fixa da túa columna, buscas abracadabras: **Así cae un Goberno**, ou dous, titulas dun golpe.

Alguén pídenos perdón na tele.

Fóra brilla o sol, está calmo o mar, non corre vento; como se non pasase nada...

## DESENCONTRO EN GONDOMAR

Lonxe xa da queima de documentación municipal ao aire libre, limpas xa de cinzas terrazas e balcóns por chuvias e ventos recios, o dezaseis de xuño de 2007 celébrase o acto de constitución da nova Corporación. PP achega sete concelleiros; BNG, cinco; PSG-PSOE, catro; MOVE-Gondomar, un. Diríase que os votantes castigamos as siglas que máis letras teñen; ¿para que enredar na memoria alongando palabras de trasfondo coñecido?

Cheo ata a escaleira de acceso ao salón de actos, ventás pechadas, atmosfera bochornosa, sen micrófonos: a Inquisición saborearía un ambiente así. Os P, os B e o M vótanse a si mesmos; os S votan aos B e soa unha pechada ovación na sala. Ese sería o noso inesquecible momento colectivo de esplendor na herba se non vísemos aquel brillo aceirado nos seus ollos, o resentimento nas súas miradas, cando alzaron as súas mans para nomear ao alcalde.

O novo alcalde mostra con humildade o bastón de mando. Aquel soño furtivo nalgunha noite incerta (non no duro traballo día a día sen esperanzas de respaldo abondo) faise realidade nun instante. A súa mirada chea de candor, o seu sorriso tenro de neno que acaba de ser perdoado por mamá, parece poder augurar un goberno de coalición sen imposicións nin claudicacións. Mais ninguén aclara o único importante: haberá goberno estable?

Todos sabemos que hai debaixo de cada opción, tamén enriba: a sombra do ladrillo, esa rapaza caza cadáveres, planea sobre a Corporación.

Outras sombras íntimas de cada quen, dolorosas, vomitivas ou rubideiras, ben coñecidas polo pobo en localidades pequenas, masturban nestes días as cabezas de electores e electos.

Pode que tarde ou cedo, cada moucho vaia á súa oliveira, cada obreiro ao seu choio; vano anunciando bocas de “tonadilleiras” e levaetraes, con xesto pícaro, a quen queira prestar estómagos e oídos. Pode que algún porquívano decreto rebelión na granxa, que mañá ou pasado governe a oposición, que colguen ao alcalde cunha pinza nos baixos dos calzóns, que se perda ou gañe a oportunidade de que o pobo se decate de como goberna unha coalición de esquerdas...

Non parece posible a vía natural para acordar goberno. Estarán verdes as uvas ou serán as da ira. Se tan difícil é pactar, se o máis importante é o interese de cada lista, xamais será posible unha candidatura conxunta da esquerda galega. Agora que a Igrexa Católica e Romana eliminou o Limbo dos Xustos, ¿a onde van os votos que non damos?, ¿onde se acomodan os concelleiros perdidos por non se contaminar nunha lista única?, ¿quen son os responsables?

Xa que non na convocatoria de xuño, na de setembro podería aparecérsenos un redentor clónico, un crioxenado revivido, se o endeusamento persoal ou as mans na masa poden máis que a razón.

Sempre podemos soñar cos Reis Magos. Eles arranzarían todo. Poderosos ata a extenuación, déronse a gran malleira para chegar a unha aldea perdida e agasallar un bebé pobre nun presebe miserable. Se se esforzaron tanto foi por que tiñan grandes esperanzas cifradas naquel pequerrecho. Como a vida mesma; que llo pregunten a Herodes, ese que facía os traballos sucios por conta dos romanos.

E nós só necesitamos un goberno racional, nin sectario nin personalista senón próximo, de servizo á comunidade. Parece tan sinxelo...

#### PRIMEIRO ANIVERSARIO

Segundo se achega o solsticio de verán de 2008 e a luz do ceo do Val Miñor alcanza o cénit, o meu texto *Desencontro...* achégase ás mil cincocentas visitas na páxina de valminor.info

Ninguén pode asegurar que sexan moitas ou poucas lecturas, pero esa cifra invita

a pensar que os cidadáns estamos preocupados pola falta de estabilidade e proxección do goberno de Gondomar; non nos faltan razóns nin motivos.

...verdade que os plenos da Corporación van aumentando en normalidade democrática; nótase no público e, non tanto, na mesa.

Nesta non chegaron a abandonarse actitudes declamatorias típicas de séculos xa enterrados; monólogos e diálogos alternan a luva branca co desafío falabarato, sen brillos aceirados, impropios de quen quere facer xestión de goberno e posibilitar acordos; e non falta quen parece practicar un colaboracionismo de ida e volta propio do Iscariote.

Naquel, van desaparecendo certos orneos de alto nivel aínda que segue aparecendo algún protagonista que non para de soltar morcillas que nada teñen que ver co que nos plenos se está a tratar; recórdanme á xente á quen daban entrada gratuíta sempre que se comprometese a imitar o xefe da *clá*, ben fose para patear ou aplaudir unha estrea teatral no vello Madrid dos anos 60.

De momento, non se cumpriron certas expectativas nefastas para os electores; non obstante, hai unha cuestión candente no aire: ¿é posible unha nova escisión no PSG-PSOE capaz de chegar a tombar o goberno en minoría do BNG? O tempo corre a favor desa posibilidade ou dalgunha outra máis rocambolesca...

Forzas soterradas traballan para que así chegue a ser, intereses internos e externos están a meter presión, requentando cabezas xa quentes, a punto de griparse xa. A anhelada Dulcinea débúxase no horizonte; desexemos que só sexa o soño dunha noite de verán.

De darse tal circunstancia, o lamazal do descrédito pateará aos actores e asfixiaranos aos electores. De nada servirán entón as descualificacións e as dentadas, a volta ás barricadas da culpa allea e a egolatría propia. Lumes de artificio por non asumir a testana realidade, por non ser capaces de alcanzar un acordo honorable para ambas as dúas partes. Se chegase o caso, veríamos o retorno ao cuartel de cada un, contentar aos parroquianos propios e que a bóla siga rodando...

A nós, votantes de a pé, parécenos que quen consegue o grande (os votos) pode xestionar o pequeno (os acordos de gobernabilidade). Mais, rolda os nosos oídos aquela pegadiza canción de Alaska, *A quen lle importa o que eu faga, a quen lle importa o que eu diga. Nunca cambiarei.*

Os naipes están no aire, o triunfo non está claro para quen fía en espadas ou bastos. Unha aposta de farol, un intento de renuncio, un envite sen respaldo. Paciencia e barallar... Siga o xogo, señores!

A partida está perdida cando a túa parella non che segue o xogo. Non falo de concelleiros e de partidos agora. Estou a falar de candidatos e electores. Todos sabemos quen repartirá sorte nas próximas municipais.

Caia quen caia.

## NA MALDITA CALOR DO FOGAR

A calor do fogar é intramundo de agarimo, comprensión e apoio mutuo. ...núcleo de convivencia que nos forma e conforma como persoas útiles para nós mesmos e para quen nos rodea. Dános o pasaporte para unha convivencia social satisfactoria.

Mais hai veces en que o arrollo da tenrura e a íntima confianza familiar trócanse nun inferno de abusos, malos tratos, condenación e morte.

Superalo con enorme esforzo, vivir morrendo (Morro porque non morro, dicía Teresa de Ávila) ou acabar definitivamente cun mesmo. Tal é o porvir que espera a esas pobres criaturas, atormentadas por quen lles dera a vida.

#### O TEU PAPÁ

Estás intacta, acabada de entrar na adolescencia; es o anhelo de papá. Agora tócache a ti, a túa irmá maior xa o pasou.

Telo enriba, esmagándote, babeándote a cara, cravándote o seu membro unha e outra vez mentres te fas berro pola dor que racha o teu corpo e a túa vida. Queres morrer.

Quererías pensar na axuda de mamá, nos seus bicos, no seu regazo, a túa mamá, pero ela está alén do corredor, no seu cuarto, coa porta aberta, escoitándoo todo, sabéndoo todo, calando. Sentes o coitelo do seu silencio esgazándote en cada acometida de papá. Perdíchela para sempre.

Róeche a impotencia, o noxo, tanta soidade. Pides a morte cunha voz que non parece túa, ¡Quero morrer!, ¡Quero morrer!, que non exista nada máis. Escoitas a túa voz, o seu estraño son, e non podes ocultar a túa inmensa derrota, saberte viva ao teu pesar, sen esperanza ningunha, cando a túa mamá che berra dende o outro lado do corredor ¡Cala, rapariga; que van pensar as veciñas! Déixaste render por abandono, tragas a conciencia. Xuras matar.

Pechas os ollos. Sorbes aceptación, maquinas a túa vinganza imposible. Déixaste violar, pero algo descoñecido, moi dentro de ti, se rebela, retórcete en náuseas. Non te detén nin o ¡Como vomites agora, mátote! que che solta o teu papá.

Segue arremeténdote a pesar do vómito que lle unta cara e peito, bérache ¡Cabrona, fillaputa! unha vez tras outra, e crava os seus dedazos entre as túas nádegas, aceira as súas unllas ata resgarche a pel, mentres retreme e se queixa e se dilúe no teu seo. O teu papá.

Noxo dentro e bágoas sobre ti; soidade, desarraigamento. Nunca máis poderás atopar o camiño de casa.

Que será de ti, nena; que vida terás, como a vas vivir...

*La agresión sádica, repetida y prolongada, se produce sobre todo en situaciones de cautiverio. Sucede especialmente cuando la víctima es prisionera o incapaz de escapar de la tiranía de su verdugo y es subyugada por la fuerza física o por imposiciones económicas, legales, sociales o psicológicas. Esta condición se da... ..con mucha frecuencia en la intimidad familiar.*

Luis Rojas Marcos, *Las Semillas de la Violencia*.  
Ed. Espasa Calpe. Premio Espasa Ensayo 1995